

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 2 DE MAIO DE 2017.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**Ausentes:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 18/2017 de data 24 de abril de 2017.

**2.- EXPEDIENTE 1123/2017. CONTRATO DE SERVICIOS SUJETO A REGULACIÓN ARMONIZADA, POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICAMENTE MAIS VENTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CSE072016.**

Acordouse requerir ao licitador que presentou oferta economicamente máis vantaxosa para presentación de documentación no expediente denominado “SERVIZOS DE ATENCIÓN DOMICILIARIA, (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PRESTACIÓN BÁSICA E PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA)”.

**3.- EXPEDIENTE 92/2017. CONTRATO DE SUBMINISTRO POR PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁIS VENTAXOSA. VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.**

Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “INSTALACIÓN DE XOGOS INFANTÍS NA ZONA EXTERIOR DA PRAZA SUPERIOR DO PARKING ALDEA GRANDE”.

**4.- EXPEDIENTE 1152/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (FACTURAS) XGL 2 MAIO.**

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00034 por importe de 173.560,99 €.

**5.- EXPEDIENTE 1146/2017. SOLICITUDES DE ALTA DE AUGA E SANEAMENTO.**

Acordouse aprobar varias altas de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas.

**6.- EXPEDIENTE 981/2017. ABONOS MENSUAIS PARQUING.**

Acordouse a concesión das seguintes prazas: 35 e 42 no Parquing Aldea Grande.

**7.- EXPEDIENTE 1086/2017. BAIXA XANTAR NA CASA.**

Acordouse aprobar unha baixa voluntaria no programa Xantar na Casa.

**8.- EXPEDIENTE 1147/2017. PROPOSTA ESTABLECEMENTO DE**

## **AXUDAS.**

Acordouse a probar unha axuda de desprazamento de 5,00 €/día con efectos dende o mes de abril de 2017, abonable os/as usuarios/as do programa integrado que participen:

1. Nas accións formativas do programa cunha duración superior a catro horas.
2. Nas prácticas profesionais non laborais incluídas como accións a desenvolver dentro do programa, cunha duración mínima de 1 mes ou 80 horas.

Sendo o custo destas axudas imputable á subvención concedida.

## **9.- EXPEDIENTE 311/2017. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES.**

Acordouse aceptar a realización do curso de verán “XIIIº NOVAS FRONTEIRAS NA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES 2.0: VIOLENCIAS-DIVERSIDADE-COEDUCACIÓN - EMOCIONALIDADE” (Lalín 18-21 de xullo).

## **10.- EXPEDIENTE 1116/2017. CORRECCIÓN DE ERROS SAF DEPENDENCIA.**

Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 17 de abril de 2017 no punto núm. 23.

## **11.- EXPEDIENTE 1115/2016. CORRECCIÓN DE ERROS LIQUIDACION SAF MARZO 2017.**

Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 17 de abril de 2017 no punto núm.10.1.

12.- Fora da orde do día acordouse OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS Á ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MIGUEL DE GOIÁS.

13.- Fora da orde do día acordouse proceder ó reintegro de 300 euros a un funcionario en concepto de pago da matrícula do dito curso.

14.- Fora da orde do día acordouse aprobar a solicitude presentada para a utilización da Praza da Igrexa de Lalín, para facer un *Máster Class de Zumba* .

15.- Fora da orde do día deuse conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra de data 2 de maio de 2017, número de rexistro de entrada 1360, co que achega acordo da Xunta de Goberno de data 28 de abril de 2017, no que comunican a aplicación da baixa de anteriores subvencións e obras en forma de subvención ó Concello de Lalín incluída no Plan de Concellos 2016 con destino ó financiamento de diversos investimentos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:10 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.